



Concello de Pontecesures

EXPEDIENTE Nº 1032/2022

Asunto: ACTA DE VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS A PRIMEIRA PROBA DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO, PARA A CONSTITUCIÓN DE UNHA BOLSA DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVOS/AS PARA O CONCELLO DE PONTECESURES.

En data 12 de xaneiro de 2024 e sendo as 13:00 horas, reúnese de maneira telemática, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a constitución de unha bolsa de traballo de administrativos/as para o Concello de Pontecesures, baixo a presidencia de dona M.^a Ángeles García Villaverde, Secretaria-Interventora do Concello de Pontecesures, e coa asistencia dos vogais: Dona Rocío de Sinde Penas, Técnica de Xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra; Dona María del Carmen Baloira Duro, Xefa da Sección de Xestión Cultural da Deputación, Dona Raquel Carracedo Picáns, Administrativa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra, actuando como secretario, Don José Marcelino Rivera Rarís, interventor accidental do Concello de Padrón **quen dá fe do acto**.

REVISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADA A PRIMEIRA PROBA DO PROCESO SELECTIVO DAS SEGUINTE PERSOAS ASPIRANTES:

Con data 21 de decembro de 2023, D^a M^a José Cousido Fernández, presenta o seguinte escrito de alegacións (rexistro de entrada 2023-E-RE-843):

EXPÓN: “Que habiéndose publicado el 19/12/2023 los resultados de la prueba celebrada el pasado 14/12/2023 de la fase de oposición para la constitución de una bolsa de trabajo de Administrativos (expediente 1032/2022) e indicándose en dicha publicación la apertura de un plazo de 3 días hábiles para reclamaciones”.

SOLICITA: “Impugnar la pregunta nº 18 de dicha prueba, en base a que en el cuadernillo de examen las respuestas estaban incorrectamente viñeteadas, apareciendo dos opciones A. Como la plantilla provisional da por acertada la A, se produce una clara ambigüedad (¿cuál respuesta A sería la correcta?). Por este motivo, solicito la anulación de la pregunta”.

Á vista da anterior reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan por unanimidade, o seguinte:

Aínda que é certo que existe un erro tipográfico nas viñetas das dúas primeiras respostas sinaladas ambas as dúas coa letra a), a única resposta correcta é a que aparece en primeiro lugar denominada “a) decreto”. O contido das respostas non dan lugar a dúbida respecto a cal delas sexa a correcta dende o punto de vista conceptual, xa que se refiren a dous instrumentos normativos diferentes.

Ademais, durante o desenvolvemento da proba, nin a agora reclamante nin ningunha das demais persoas aspirantes, puxeron en coñecemento do tribunal a existencia deste erro de transcripción, nin que o mesmo xerara confusión algunha á hora de sinalar a resposta correcta, existindo un 82,14% de acertos segundo a corrección efectuada.

Á vista do exposto, o Tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas por D^a. M^a José Cousido Fernández, ratificando a validez da pregunta nº 18 nos termos expostos no corpo do presente acordo.

Con data 20 de decembro de 2023, D^a M^a Pilar Castro Gigirey, presenta o seguinte escrito de alegacións (rexistro entrada 2023-E-RC-222):

EXPÓN: “1º Que con data 14/12/2023 participei no exercicio (tipo test) do proceso de selección para a creación dunha Bolsa de Administrativos (Expediente 1032/2022) convocada por Resolución da Alcaldía número 2023/0152 e publicada en BOPP 30/03/2023 do Concello de Pontecesures

2º Que finalizado o exercicio e á vista da planilla de resposta publicada na sede electrónica do Concello de Pontecesures (<https://pontecesures.sedelectronica.gal/board>) con data 14/12/2023 e unha vez cotexadas as respostas propostas polo Tribunal coa normativa correspondente, atopo motivos para solicitar a revisión das preguntas número 9, 12 e 34 da referida planilla, tal e como de seguido expoño:

Pregunta nº 9.- Para adquirir la condición de vecino, según el Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales.

- a. Basta con inscribirse en el padrón municipal*
- b. Es necesario residir habitualmente en el municipio e inscribirse en el padrón municipal*
- c. (...)*

Resposta proposta polo tribunal = B

Stricto sensu vista a redacción formulada na pregunta que incide directamente no feito da adquisición da condición de veciño, a resposta correcta por ser a máis precisa consonte ao establecido no artigo 55 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de julio, polo que se aproba o Reglamento de Población y Demarcación Territorial de las Entidades Locales é a resposta = A.

Pregunta nº 12.- Aprobado inicialmente el presupuesto general, según el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

- a. Se expondrá al público, durante el plazo de 15 días durante los cuales los interesados podrán examinarlos y reclamaciones ante el Pleno. (...)*
- d. Ninguna es correcta*

Resposta proposta polo tribunal = A

Tendo en consideración que a resposta A omite na súa redacción o pauta previa obrigatoria de publicidade do orzamento no boletín oficial, vista a redacción do artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, e visto o contido da resposta D, encontro que a resposta D é a única válida por ser correcta e totalmente certa.”

Pregunta nº 34.- El artículo 21.1 de la Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, dispone que el plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa, será fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento y que este plazo:

Resposta proposta polo tribunal = C

Tendo en consideración que o artigo 21.1 non garda relación coa pregunta formulada, a pregunta debería ser anulada.

SOLICITA: “Por todo o anteriormente exposto, SOLICITITO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

Que tendo por presentado este escrito, se sirva admitilo e ter así mesmo por formulada reclamación respecto das respostas propostas polo Tribunal Cualificador para as preguntas número 9, 12 e 34, e sexan rectificadas as mesmas no sentido que quedou exposto neste escrito”.



Concello de Pontecesures

Á vista da anterior reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan por unanimidade, o seguinte:

- Respecto da pregunta n.º 9, sinalar que a pregunta formulada refírese aos requisitos para a adquisición da condición de veciño en base ao disposto no artigo 55.1 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, que determina que, son veciños dun municipio os que residan habitualmente no mesmo e se encontran inscritos no padrón municipal. Polo que este Tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros, manter como resposta válida a opción “b) é necesario residir habitualmente no municipio e inscribirse no padrón municipal”.

- Respecto da pregunta n.º 12, sinalar que a resposta “a)” reflicte a tramitación correcta e prevista no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/20004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Polo que este Tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros, manter como resposta válida a opción “a) Expoñerase ao público, durante o prazo de 15 días durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno”

- Respecto da pregunta n.º 34, sinalar que, independentemente do erro de transcripción no enunciado da mesma que fai referencia ao artigo 21.1, debendo ser o 21.2 a redacción correcta, a resposta dada na opción “c)” é suficientemente clara, non da lugar a confusión ou ambigüidade de ningún tipo, e recolle o texto literal do artigo 21.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Polo que este Tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros, manter como resposta válida a opción “c) Non poderá exceder de 6 meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea”

Á vista do exposto, o Tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas por D^a M^a Pilar Castro Gigirey, ratificando a validez das preguntas n.º 9, 12 e 34 nos termos expostos no corpo do presente acordo.

Con data 21 de decembro de 2023, D^a Eva Regina Campos Fernández, presenta o seguinte escrito de alegacións (registro entrada 2023-E-RE-84):

EXPÓN: “Que o pasado día 14 de decembro de 2023 realicei a proba tipo test do proceso selectivo para a configuración dunha bolsa de administrativos do Concello de Pontecesures. Que segundo a plantilla de respostas correctas, publicada o mesmo día da proba na páxina web do Concello, o número de respostas correctas que obtiven foi 27 e incorrectas 8 polo que a nota final sería 11,5 puntos e non 11,25 puntos, tal e como figura no anuncio da lista de puntuacións da proba tipo test publicada tamén na páxina web do Concello o 19 de decembro de 2023”.

SOLICITA: “Que se revise e modifique a nota correspondente á proba tipo test”.

Á vista da anterior reclamación, reunido o Tribunal seleccionador, os seus membros acordan por unanimidade, o seguinte:

Unha vez revisado o resultado arroxado pola máquina de corrección automática de probas tipo test, conclúese que a persoa aspirante obtivo 26 acertos, 7 respostas incorrectas e 7 en branco. De acordo coas bases xerais da convocatoria (cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada), as 7 mal contestadas restan 3,50 puntos, resultando 22,50 acertos, o que supón unha nota equivalente a 11,25 puntos na puntuación final.

Á vista do exposto, o Tribunal acorda desestimar as alegacións presentadas por D^a. Eva Regina Campos Fernández, ratificando a nota outorgada nos termos expostos no corpo do presente acordo.

FINALIZACIÓN DA SESIÓN: Ás 14:00 horas a presidente da por rematada a sesión, do que eu secretario dou fe.